



A Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.(DOG, 19/6/08) e atendendo á propia circular da Secretaría Xeral 1/2012 do 22 de xuño de 2012 e de acordo coa disposición transitoria 1.ª do Decreto 439/2009, na que establece a primeira revisión do importe dos prezos que terá lugar con efectos do 01/09/2010, informamos dos seguintes requirimentos e documentos para acceder a gratuidade ou beca por parte dos comensais beneficiarios da totalidade do importe (100%) ou cunha axuda do 50% no servizo de comedor escolar do CEIP de Arzúa:

1.) Ao comezo do curso escolar, os pais, nais ou titores, en nome do alumnado, e as restantes persoas con dereito a usar o comedor, solicitarán o dito servizo no Centro, definindo as súas características como usuarios: dereito a bonificacións, estimación temporal de utilización do comedor.

Número de membros da unidade familiar.	Renda neta anual	Documentación requirida	Gratuidade do servizo (a pagar)
Usuarios do servizo de transporte escolar	-----	-----	100% (0,00€)
3 membros	Menos de 22.365,45 €	Copia da declaración da renda do exercicio anterior ou Certificado acreditativo de que non ten obriga aos efectos do IRPF de presentala expedido pola delegación AEAT	100% (0,00 €)
3 membros	22.365,45 -31.950,65€		50% - (1,57 €)
4 membros	Menos de 25.560,52 €		100% (0,00 €)
4 membros	25.560,52-35.145,71€		50% - (1,57 €)
5 membros	Menos de 28.616,52 €		100% (0,00 €)
5 membros	28.616,52-38.201,71 €		50% - (1,57 €)
6 membros	Menos de 31.672,52 €		100% (0,00 €)
6 membros	31.672,52-41.257,71€		50% - (1,57 €)

2.) Todas familias que non teñen dereito ao servizo de transporte deberán presentar coa súa solicitude **copia das súas declaracións ou certificacións da Axencia Tributaria** antes do 18 de setembro de 2012 na Secretaría ou Dirección do Centro. Os que sobrepasan a cantidade da renda anual amosadas (resultado das casillas 450+452-454+457+460-461-741=) deberán pagar o 100%(3,15)

Condición de familias numerosas de carácter especial ou xeral		Título oficial de recoñecemento de familia numerosa.	100% (0,00 €) ou 50%(1,57)
En situación socioeconómica desfavorable		Informe do/a traballador/a social do concello.	100% (0,00 €)

3.) **A relación dos comensais totais do comedor escolar admitidos polo Consello Escolar coa súa condición, gratuidade e abono será exposta no taboleiro de anuncios do Centro antes do día 29 de Setembro de 2012.**

4.) **O pagamento ou abono efectuarase mensualmente nos dez primeiros días de cada mes co conseguinte ingreso das cantidades que corresponda en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos desta comunidade autónoma, a través da oficina virtual tributaria <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccionimpresos>.**

Os usuarios do Espazo Abalar poden descargar os impresos directamente dende este sistema.

5.) **Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos mesmos ...o centro apartará do uso do comedor aos usuarios que non entreguen o xustificante para a Administración e mentres non acrediten o correspondente ingreso.** Para maior información ,reseñamos a lexislación específica para a súa consulta **tamén dispoñible no portal educativo da Xunta de Galicia <http://www.edu.xunta.es> e na propia páxina web do Centro <http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua/>**